

Ola rapaces e rapazas!

Preséntome : eu son Saray e escribovos esta carta para axudavos. A ver se son capaz de conseguilo.

Para comezar, recordo do verán 2020 os meus nervios e os meus medos. Sempre falaba cos meus amigos sobre o instituto e expresáballe a miña preocupación á miña familia. E agora xa case estou rematando o primeiro ano!.

Eu tiña as mesmas preocupacións ca vos, pero non foi para nada así. Por madrugar... non vos preocupedes ides acostumarvos en pouco tempo; haberá xente á que lle sexa máis fácil ca outra, pero non é o máis importante. É verdade que no instituto son máis esixentes co comportamento (cousa que é normal. Ímonos facendo maiores, e hai que madurar) pero se vos portades adecuadamente todo irá xenial.

Creo que xa sabedes que vos cambiarán de aulas, e teredes compañeiros e compañeiras novas; iso era unha das miñas preocupacións pero todo ten o seu lado bo: coñecedes máis xente e respiras novos aires ademais reforzades amizades. Non ten porque ser malo.

En canto aos profesores e profesoras hai de todo, pero se ti te comportas ben e traballas, todo irá sobre rodas.

E polos deberes.... volvemos ao mesmo, depende do profesor que che toque. Dende o meu punto de vista e algo parecido ao colexio, pero con máis esforzo.

Iso si, nunca deixedes de estudar, leva os deberes e o estudo ao día.

Un super saúdo.

Saray